PARLAMENTO DE GALICIA

[JCCP/MSGN]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, o día 4 de febreiro de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Patricia García González
(Presidenta)
Paula Mouzo Mas
(Vicepresidenta)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Deza Martínez
Jesús María Fernández Rosende
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
Raúl Santamaría González
Manuel Santos Costa
Gonzalo Trenor López

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Patricia Iglesias Rey
(en substitución de Carlos López Font)

Comparecentes:
Secretaria xeral técnica da Consellería do mar
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Presidente de Portos de Galicia
Directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, e previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, a Presidencia dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que conforman a orde do día desta sesión, consistente en tramitar en terceiro lugar a pregunta doc. núm. 15965 (1.4) e en cuarto lugar a pregunta doc. núm. 15931 (1.3).

Punto único.- Preguntas

1.1 **15843 (12/POC-002470)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre o balance da execución dos fondos europeos para a pesca desde 2014 (FEMP), os informes do Consello de Contas nesta materia e o funcionamento das oficinas de información e asesoramento para os beneficiarios das axudas do FEMPA
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f2, do 10.01.2025

A **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** expón os motivos nos que se basean as cuestións concretas que se formulan na iniciativa e que están publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **secretaria xeral técnica da Consellería do Mar, Marta Barreiro Castro.**

En rolda de réplica, a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** manifesta o seu desacordo coas valoracións e datos aportados pola secretaria xeral, sobre os que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da **secretaria xeral técnica da Consellería do Mar,** quen, logo de rebater algunhas das afirmacións realizadas pola señora deputada, puntualiza e amplía a información facilitada na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza da señora Barreiro Castro nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.2 15923 (12/POC-002497)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre a contía para o financiamento da actividade investigadora do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), así como sobre as especies en estudo, e igualmente sobre as accións que se inclúen no ámbito da actividade do referido centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f3, do 10.01.2025

O **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P)**, expón os motivos nos que se basea a formulación desta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

Para dar resposta a esta iniciativa intervén, en nome da Xunta de Galicia, a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar) Marta Villaverde Acuña.**

En rolda de réplica, o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P)** agradece a información recibida, que comenta, e sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Marta Villaverde Acuña,** ampliando as explicacións facilitadas na súa intervención anterior.

1.3 15965 (12/POC-002508)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre o nivel de coordinación que a Consellería do Mar mantén co sector marisqueiro extractivo para pór en marcha as axudas destinadas ás mariscadoras e aos mariscadores afectados pola baixa produtividade das rías en Galicia, así como sobre a valoración que o Goberno galego realiza destas axudas en termos de sustentabilidade neste sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f3, do 10.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, quen defende a iniciativa ampliando as argumentacións expostas por escrito e que xustifican a formulación das preguntas concretas que nela se inclúen.

Pasa a contestar a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar) Marta Villaverde Acuña.**

PARLAMENTO DE GALICIA

En rolda de réplica o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** pon de manifesto a súa insatisfacción ante a resposta obtida e sobre a que expón novas consideracións.

A **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Marta Villaverde Acuña**, pecha o debate desta iniciativa ampliando a información solicitada polo señor deputado na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración da señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse para atender outras obrigas.

1.4 15931 (12/POC-002501)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre as melloras que Portos de Galicia acometerá no Plan de reposición e reforzo de pavimentos esgotados en diversos portos, así como sobre a contía total do investimento previsto neste plan
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f3, do 10.01.2025

Intervén o **señor Santos Costa, Manuel (P)**, para expoñer os motivos nos que se basea a formulación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para contestar a esta pregunta intervén, en nome da Xunta de Galicia, o **señor presidente do Ente Público Portos de Galicia (Consellería do Mar), José Antonio Álvarez Vidal.**

En rolda de réplica, o **señor Santos Costa, Manuel (P),** agradece a rigorosidade da resposta e detalle dos datos aportados.

O **señor presidente do Ente Público Portos de Galicia,** logo de agradecer as verbas do señor deputado, pecha o debate da iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención.

1.5 16958 (12/POC-002875)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre o impulso por parte do Goberno galego dun proxecto de ampliación do porto de Malpica neste ano 2024
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 146f1, do 28.01.2025

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, quen procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **presidente do ente público Portos de Galicia (Consellería do Mar), José Antonio Álvarez Vidal.**

En rolda de réplica a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** critica as actuacións do Goberno galego no tema obxecto de debate.

O **presidente do ente público Portos de Galicia, José Antonio Álvarez Vidal,** pecha o debate da iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza do señor Álvarez Vidal nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

1.6 17193 (12/POC-002943)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre a crise actual do sector do mar en Galicia e as medidas que o Goberno galego está a adoptar para reverter a situación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 146f2, do 28.01.2025

A **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG)**, expón as razóns que a levaron a formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente referido.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar), Patricia García Sánchez.**

En rolda de réplica a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** non concorda coa información obtida sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa a **directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Patricia García Sánchez Fernández**, ampliando a información facilitada na súa anterior intervención.

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta agradece a todos os intervinientes o ton empregado e ao persoal da Cámara os servizos prestados e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13.35 horas.

Patricia García González

Firmado digitalmente por Patricia García González
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia García González, email=patricia.garcia.gonzalez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.25 12:50:53 +01'00'

E pr.
Patricia García González
Presidenta da Comisión

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2025.02.25 11:05:53 +01'00'

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión